Asplenium onopteris L., 1753

- avenca negra, feitas
- adianto negro, capilar negro, falzia negra
- garaiska beltza, iturri-belar beltza
- falzia negra, falguera de bosc, herba cancera, dauradella borda
- acute-leaved spleenwort, Irish spleenwort, western black spleenwort
- avenca negra, feitas



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Polypodiopsida**	**Polypodiales**	**Aspleniaceae**	***Asplenium***

ORIXE

Rexión mediterránea e Europa atlántica.

CARACTERÍSTICAS

Fento con frondes de 15-45 cm de longo, triangular-lanceoladas, 3-4 veces pinnada e atenuado-caudadas no ápice. A súa cor é verde escura, moi brillante na face e cunha textura coriácea. O pecíolo é longo (½ a ⅗ da lámina), denegrido a purpúreo e brillante. O rizoma é rastreiro, curto e con escamas escuras filiformes. Ten de 10 a 25 pares de pinnas, caudadas e curvadas cara ao ápice. As pínnulas son lineares a ovadas, con dentes longos e agudos. As esporas son marrón escuras a castaño avermelladas, cun perisporio verrucoso.

HÁBITAT

Lugares húmidos e sombríos dentro de bosques, aciñeirais, carrascais e sobreirais. Medra en gretas de rochas silíceas e muros. Prefire substratos ácidos ou descalcificados.

DISTRIBUCIÓN

Rexión mediterránea, Europa central e occidental, e norte de África.

CURIOSIDADES

Aínda que é común en zonas costeiras e húmidas, é quen de medrar dende o nivel do mar ata os 1800 m de altitude.